Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

# ESTUDO E AVALIACIÓN DO ESTADO ACTUAL DOS ESPAZOS AXARDINADOS E VIARIOS DOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

XUÑO DE 2010

# ÍNDICE

1.- MEMORIA

- 1.1.- ANTECEDENTES
- 1.2.- LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO
- 1.3.- SITUACIÓN ACTUAL
- 1.4.- MELLORAS PROPOSTAS
- 1.5.- PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS

2.- PLANOS

# 1.- MEMORIA

## 1.1.- ANTECEDENTES

Como base para a contratación do servizo de conservación, mantemento e limpeza de tódolos espazos axardinados e viarios dos campus da Universidade de A Coruña, achégase a seguinte documentación, consistente nun estudo de avaliación e proposta de melloras do estado actual como información coa que as empresas poden preparar a súa oferta e un prego de condicións técnicas ao cal estarán suxeitas as ofertas e os posteriores contratos.

## 1.2.- LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO

O ámbito do estudio correspondese coas distintas áreas do Campus da Coruña e Ferrol, divididas nos seguintes lotes:
LOTE 1. Ámbitos de Elviña, A Zapateira e Riazor.
LOTE 2. Ámbitos de Oza e Bastiagueiro (Ciencias do Deporte e Pazo de Lóngora)
LOTE 3. Ámbitos de Esteiro e Serantes no Campus de Ferrol.

### 1.2.1.- ÁMBITO DE ELVIÑA

Segundo se reflicte no plano nº1 de localización, as zonas correspondentes ao ámbito de Elviña son as localizadas no zona do mesmo nome, onde a UDC implantou as últimas facultades, así como servizos e centros deportivos.

O ámbito de Elviña, a efectos do presente informe divídese en un total de 12 zonas onde a practica totalidade conta con sistema de rego por aspersión.

No plano nº 2 reflíctense a demarcación das doce zonas referidas a espazos non homoxéneos pero si separados fisicamente por vías definindo un territorio recoñecible.

Como breve descrición de cada zona diremos:

1.2.1.1.- Zona 1.- Correspóndese coa zona Leste e integra unha zona de aparcadoiro e zona verde circundante ao edificio XOANA CAPDEVIELLE onde se instalan servizos administrativos da UDC, así como a biblioteca.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

A zona en total ten 24.877 m$^2$ comprendendo as seguintes áreas:

| ZONA 1 | 24.877 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 9.669 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 12.468 m$^2$ |

1.2.1.2.- Zona 2.- Sitúase na zona sur e na actualidade practicamente a totalidade é zona verde con aparcadoiros. A superficie total da zona é de 39.517 dos cales existen as seguintes áreas:

| ZONA 2 | 39.517 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 26.259 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 12.255 m$^2$ |

1.2.1.3.- Zona 3.- Tamén ao sur do Campus e como referencia sitúase a Casa da Galería. A superficie total é de 22.991 m$^2$, nos cales existen as seguintes áreas:

| ZONA 3 | 22.991 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 10.693 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 5.092 m$^2$ |

1.2.1.4.- Zona 4.- Correspóndese coa zona axardinada limítrofe co regueiro existente e que descorre polo campus soamente neste tramo ao ar libre, xa que o resto vai entubado ata saír do ámbito.

A superficie total desta zoan é de 11.927 m$^2$, correspondendo as seguintes áreas:

| ZONA 4 | 11.927 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 4.930 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 6.997 m$^2$ |

1.2.1.5.- Zona 5.- Zona tamén ao sur do Campus correspondendo coas zonas axardinadas ao redor da facultade de “Ciencias de Educación” coa inclusión de zonas de aparcadoiro.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

A superficie total desta zona é de 18.859 m$^2$, correspondéndolle as seguintes áreas:

| ZONA 5 | 18.859 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 3.830 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 10.579 m$^2$ |

1.2.1.6.- Zona 6.- Zona tamén ao sur do Campus correspondendo coas zonas axardinadas ao redor da Facultade de Socioloxía coa inclusión de zonas de aparcadoiro.

A superficie total desta zona é de 18.859 m$^2$, correspondéndolle as seguintes áreas:

| ZONA 6 | 18.816 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 4.875 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 9.863 m$^2$ |

1.2.1.7.- Zona 7.- Zona que ocupan os xardíns que rodean a Facultade de Dereito, cun total de 15.439 m$^2$ aos que lle corresponde as áreas seguintes:

| ZONA 7 | 15.439 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 3.985 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 7.371 m$^2$ |

1.2.1.8.- Zona 8.- A zona máis ao Oeste do campus correspondendo coa zona axardinada que rodea á Facultade de Ciencias da Educación cunha superficie de 21.569 m$^2$ incluíndo as áreas seguintes:

| ZONA 8 | 21.569 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 7.383m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 9.769 m$^2$ |

1.2.1.9.- Zona 9.- Esta zona abarca o perímetro exterior da zona sudoeste dedicados unicamente a zona verde e viais. A superficie total é de 41.760 m$^2$ sendo ocupada polas seguintes áreas:

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

| ZONA 9 | 41.760 m² |
|---|---:|
| Área axardinada | 34.567 m² |
| Áreas pavimentadas | 7.193 m² |

1.2.1.10.- Zona 10.- A zona corresponde coa parte norte do campus dedicada a edificios de servizos e instalación deportivas, polo que ademais dun pavillón, existe un campo de fútbol con pista de atletismo. A zona correspondente coa pista vala de atletismo e o campo de fútbol non é obxecto do contrato relacionado con esta licitación.

A superficie total é de 60.150 m² correspondéndolle as seguintes áreas:

| ZONA 10 | 60.150 m² |
|---|---:|
| Área axardinada | 20.753 m² |
| Áreas pavimentadas | 11.652 m² |

1.2.1.11.- Zona 11.-Correspóndese cos espacios que circundan a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños e a Facultade de Informática. Acada unha superficie de 36.640 m² onde se poden diferenciar as seguintes áreas:

| ZONA 11 | 36.640 m² |
|---|---:|
| Área axardinada | 10.055 m² |
| Áreas pavimentadas | 16.399 m² |

1.2.1.12.- Zona 12.- Tamén na zona norte do ámbito que rodea ao Centro de Innovación Tecnolóxica da Edificación e da Enxeñería Civil, así como os terreos lindeiros coa vía do tren.

A superficie total é de 16.118 m² e as áreas que o configuran son:

| ZONA 12 | 16.118 m² |
|---|---:|
| Área axardinada | 4.243 m² |
| Áreas pavimentadas | 8.495 m² |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.2.2.- ÁREA DA ZAPATEIRA

O ámbito da Zapateira atópase no alto do barrio do mesmo nome, situado ao sur do Campus de Elviña, ao que se une mediante un vial de recente construcción (ver plano nº1).

Este ámbito o compoñen tres zonas diferenciadas que a continuación describimos e que nomearemos como trece, catorce e quince.

No plano nº3 reflíctese a delimitación das zonas.

1.2.2.1- Zona 13.- Correspóndese coa zona máis ao Norte e contempla os espazos que rodea a Escola de Arquitectura. Abarca un total de 27.727 m$^2$ e as áreas que a compoñen serían:

| ZONA 13 | 27.727 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 10.070 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 10.088 m$^2$ |

1.2.2.2- Zona 14.- Correspóndese coa parte máis alta do ámbito, ao Sur, onde se atopa a Facultade de Filoloxía. Ocupan un total de 51.874 m$^2$ onde se atopan as seguintes áreas:

| ZONA 14 | 51.874 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 33.413 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 13.335 m$^2$ |

1.2.2.3- Zona 15.- Situada no centro do ámbito abrangue os terreos onde se sitúan edificios administrativos, aparcadoiros e a Facultade de Ciencias. A superficie que ocupa é de 35.857 m$^2$ dos cales as áreas a ter en conta son:

| ZONA 15 | 35.857 m$^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 16.554 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 13.353 m$^2$ |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 1.2.3.- RIAZOR

Zona 16.- Consideramos todo o ámbito de Riazor como unha soa zona. Atópase, como se reflicte no plano nº 1 e no plano nº 4, na cidade da Coruña e comprende os espazos exteriores da Normal, o Centro Universitario de Riazor e a Escola de Náutica.

| ZONA 16 | 21.236 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 3.522 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 9.550 m$^2$ |

### 1.2.4.- OZA

Zona 17.- Atópase ao leste da cidade da Coruña, nunha zona próxima ao mar e correspondese cos espazos que rodea a Escola de Fisioterapia e Enfermería e outros edificios dentro do mesmo recinto.

| ZONA 17 | 13.863 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 3.142 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 5.000 m$^2$ |

### 1.2.5.- BASTIAGUEIRO

Zona 18.- Este espazo atópase no concello de Oleiros, onde se ubica a Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física. Segundo ser refilicte no plano nº 6 de este informe, a superficie total é de 43.514 m2 e correpóndese as áreas axardinadas un total de 34.101 m2, atendendo a esta distribución:

| ZONA 18 | 43.514 m$^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 12.816 m$^2$ |
| Áreas pavimentadas | 21.285 m$^2$ |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Zona 19.- Correspóndese co recinto do pazo de Lóngora, situado na parroquia de Lians, no concello de Oleiros, onde se alberga o Instituto Universitario de Medio Ambiente.
O recinto consta duna zona axardinada que linda coa fachada das edificacións e unha parte posterior adicada a frutais.

Como se reflicte no plano nº 6 a superficie total é de 20.838 m2 e dividese da seguinte forma:

| ZONA 19 | 20.838 $m^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 17.969 $m^2$ |
| Áreas pavimentadas | 1.738 $m^2$ |

## 1.2.6.-CAMPUS DE FERROL

Zona 20.- Situado no barrio de Esteiro, no centro urbano de Ferrol, está totalmente pechado o seu perímetro a excepción da “Casa do Patín”, na parte sur do campus.

A superficie total é de 31.592 m2 divididos da seguinte forma:

| ZONA 20 | 44.016 $m^2$ |
|---|---:|
| Área axardinada | 11.270 $m^2$ |
| Áreas pavimentadas | 21.672 $m^2$ |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Zona 21.- situado no barrio de Serantes, nas aforas da cidade de Ferrol e esta ocupada pola Escoa Universitaria Politécnica.

A superficie total do ámbito é de 7590 m2 divididos da seguinte forma:

| ZONA 21 | 13.254 $m^2$ |
|---|---|
| Área axardinada | 3.953 $m^2$ |
| Áreas pavimentadas | 4.711 $m^2$ |

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.3.- SITUACIÓN ACTUAL

En xeral, a conservación, mantemento e limpeza das zonas axardinadas do campus da Universidade de A Coruña, atópanse nunha situación deficiente, existen zonas de axardinamento de pequenas superficies cun grao mais intensivo, quedando o resto con tratamentos exclusivamente de sega e un deterioro progresivo do estado do céspede. A dotación de arbores e arbustos é escasa e pouco mantida.

Con respecto á limpeza, en xeral, atópanse falta de intensidade e frecuencia polo que o aspecto e moi mellorable.

Ao obxecto de sistematizar as propostas de melloras, primeiramente exponse a situación actual de cada zona.

### 1.3.1.- CAMPUS DE ELVIÑA

#### 1.3.1.1.- Zona 1.

Nesta zona atopámonos cunha área axardinada que implica unha sega continúa para manter os "caballóns" que apantallan as zonas de aparcadoiro, e que a día de hoxe están perdendo herba xerándose un céspede multivarietal onde predominan as malas herbas.

A situación das árbores atópase dende o punto de vista fisiolóxico, na súa maior parte, sans, aínda que existen "faltas" e necesidade de repoñer algúns pes.

No verán o céspede seca polo que é necesario facer regas frecuentes.



Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.







Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



### 1.3.1.2.- Zona 2.

Nesta zona, que practicamente son áreas axardinadas, unicamente dedícanse a manter os noiros e pequenos parterres en zona de aparcadoiro. Atópase con alto grado de abandono, sobre todo no que os noiros se refire.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.









Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



Nos parterres, escasamente existen plantas ornamentais, dedicándose a céspede practicamente a totalidade da superficie. Os setos existentes recórtanse sen consideracións estéticas, aplicando o "menor traballo".





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Existen arbores en mal estado, así como tamén é necesario cubrir “faltas”.

### 1.3.1.3.- Zona 3.

Tamén aquí atópanse superfícies axardinadas e noiros, onde apenas houbo mantemento, aínda que neste caso algúns destes sitúanse en zonas pouco visibles con plantas tapízantes ou rastreiras.

Polo que respecta, ás superficies máis visibles, estas están cubertas exclusivamente de céspede de escasa calidade.

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

As poucas plantas existentes están podadas e recortadas sen profesionalidade.

En xeral este ambeto adoece de escaso mantemento.

### 1.3.1.4.- Zona 4.

Esta zona, que é lindeira ao regato que atravesa o campus de Elviña atópase en bastante boa situación, non así a canle do regato que debería estar limpo, evitando que a broza e restos de poda, poidan atascar na súa parte final tanto os pasos, como o tubo de saída, que atravesa xustamente o campus.



Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

1.3.1.5.- Zona 5.

Atopamos tamén unha superficie ampla de noiros, así como monte-matogueira, lindeira co límite do ámbito. Non hai conservación, nin espazos axardinados, chegando nalgúns casos a elevada densidade de matogueira.







Atopamos un sebe que debido ao seu mal manexo mostra un pesimo aspecto.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



Polo que as especies arbóreas se refire, existen superficies con especies moi dominantes, e que esteticamente non aportan, gran cousa, como é o caso da acacia.
É necesario facer notar que nesta zona faltan moitas árbores, aínda que os existentes están, a maioría, en bo estado.




Nas proximidades do muro en escollera, non existe plantación algunha cando o recomendable son especies rubideiras.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

1.3.1.6.- Zona 6.

Aquí atópanse a maior abundancia de zonas “duras” do campus pois apenas existen zonas verdes. Existe unha gran cantidade de pequenos parterres, con posibilidades de facer xardinería intensiva aínda que hoxe o mais abundante é o céspede.






A zona de socalcos, onde se visualizan afloramentos de rocha, esta mal tratada, pois as posibilidades estéticas des área son moitísimas e están sen aproveitar.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



As zonas lindeiras cos aparcadoiros, apenas quedan arbores e non existen arbustos nin formación de zona florida, aínda que é unha zona moi visible.

É de destacar aqui a importancia que teñen os axardinamentos dos patios interiores que son os que dan maior calidez e beleza aos interiores dos edificios. Así existen varios parterres que requiren maior aporte de terra e un mellor tratamento.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 1.3.1.7.- Zona 7.

Nestes intres ven sendo a fachada “nobre” do Campus, aínda que non é a mais vixible. Atópamos os xardíns con maior dedicación e intensidade na conservación.


Zona 6


Zona 7

A dedicación das superficies axardinadas a parterres floridos, permite que o aspecto visual desta zona sexa de maior calidade que o resto de zonas deste campus.





Aínda así existen, lugares próximos aos aparcadoiros, que presentan situacións similares á nomeadas anteriormente, falta de arbores, noiros sen tratar, etc.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





1.3.1.8.- Zona 8.

Esta é moi similar á zona 7.

Tanto a zona 7 como a 8 o estado do axardinamento do Campus de Elviña, é bo.

O que se vota en falta é unha mellora na poda, perfilado de sebes.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.




1.3.1.9.- Zona 9.

Abarca o perímetro exterior do campus, onde a súa maior parte ocupa as partes traseiras, polo que o axardinamento pode ser extensivo con menor dedicación.

O estado actual case é de abandono, producíndose incluso situacións descontroladas, protagonizadas por plantas invasoras "herba da Pampa".

A zona require dun tratamento, para evitar a proliferación de este tipo de especies foráneas e incorporando a este terreo especies arbóreas que permitan favorecer un crecemento armonizado e normal dun bosque, evitando especies pirófitas que poidan incrementar o risco de incendios.

Neste momento o mantemento é nulo, situación que ten correxida.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.











Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

1.3.1.10.- Zona 10.

Atópase no entorno do centro deportivo que está excluído do ámbito do estudio debido á necesidade de facerse un tratamento especializado, sobre todo pola existencia do campo de fútbol.

Así as áreas lindeiras, tanto na zona noroeste como a lindeira coa vía do tren, atópase maioritariamente en estado de abandono, sen ningún mantemento, situación que ten que ser corrixida.







Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Nas proximidades tanto dos edificios como das instalacións deportivas, segase exclusivamente a herba existente, proliferando no resto a “herba de pampa” (planta invasora) con mestura de especies que dan mal aspecto a estas áreas. É preciso corrixir co mantemento esta situación.

Existe un pequeno sebe con certo mantemento



1.3.1.11.- Zona 11.

Comprende os terreos que rodean a Facultade de Informática e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, e atópanse practicamente na súa totalidade cubertas de herba realizándose unicamente a sega periódica.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Apenas hai diversidade de arbores, e os existentes, están mal situados como o caso das palmeiras que pola súa proximidade as edificacións non terán un bo desenrolo.

Os sebes, igual que noutras situacións, en vez de estar contornados, faise unha corta antiestética.



En xeral o aspecto desta zona ven sendo a casuística normal en todo o campus, predominando a herba espontánea, que se sega regularmente, evidenciándose a carencia de arbores e arbustos.

Entendemos que esta zona debería ter un acabado, e polo tanto un tratamento similar, ao das zonas 7 e 8 pois sitúase na zona máis nobre do campus.

1.3.1.12.- Zona 12.

É unha pequena extensión que debería ser o ambeto que máis dedicación dende o punto de vista da estética, reciba, pois é a entrada principal do campus.

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.3.2.- ÁREA DA ZAPATEIRA

### 1.3.2.1.- Zona 13.

O 50% da superficie atópase en mantemento intensivo, e o resto correspóndese coa zona límite do ámbito en noiro, co cal existe un baixo mantemento.

As tarefas de axardinamento están por riba da media, pois existe superficie onde se require constancia e se está levando ben. Do que se adoece é de limpeza suficiente, tendo en conta que por tratarse dun espacio reducido e utilizado por moitos usuarios o resultado é de unha zona con moita sucidade e abandono na calidade do céspede.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

No que respecta á parte exterior e límite do ámbito, atópase algunha superficie ben tratada e outra totalmente abandonada.







Nesta zona existe unha serie de recunchos e beirarrúas que no seu momento tiveron un axardinamento intensivo, estando neste momento esquecido, caso como as áreas mostradas nas seguintes fotografías onde detectase a falta de solo.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Existen macetóns que requiren renovación, de plantas existentes.







Móstranse tamén fotografías das superficies con tratamento intensivo, que estando mellor que outras, require aínda de mellores coidados e maior limpeza.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.











Importante que nas áreas máis nobres, o mantemento do axardinamento, teña moita máis constancia, propoñendo e facendo os tratamentos idóneos.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



1.3.2.2.- Zona 14.

A maior parte está dedicada a monte-matogueira, salvo pequenos parterres e xardíns preto das edificacións.

Na parte oeste atopámonos cunha zona forestal, cunha plantación recente de especies autóctonas, que terán que ser respetadas e tratadas segundo se determina no prego de condicións técnicas. As labores de mantemento do monte deberán ter especial coidado co mantemento destas novas árbores.

E necesario cortas do estrume con frecuencia e podas das árbores.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Nos terreos máis próximos as edificacións, requiriran dun axardinamento máis intensivo evitando a proliferación de espazos de céspede.

Importante nesta zona e sobre todo pola existencia de laboratorios, o mato próximo ao edificio débese desbrozar con maior frecuencia polo aumento de risco de incendio.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.



Na proximidade das edificacións existentes nos atópamos con parterres que requiren maior dedicación.



Na zonas traseiras dos edificios, existen situacións de abandono como amosan as fotografías seguintes e que deben ser corrixidas:

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.











Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Nesta zona 14 atópamos un terreo que  no seu día debeu ser aparcadoiro e que hoxe podería ser utilizable para procesos de compostaxe de materia orgánica producida nos traballos de axardinamento.



1.3.2.3.- Zona 15.

Comprende na súa práctica totalidade zona de bosque de eucaliptos, que de forma espallada permiten que medre a herba por debaixo.

A zona está moi deteriorada no referente aos chanzos construídos ao longo dos distintos sendeiros existentes.

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Existen varios noiros con silveiras, o que mostra a mínima dedicación a esta área pois ao tratarse de un bosque, unicamente estase segando a herba e non con moita frecuencia.

Faise necesaria unha poda das arbores ao obxecto de eliminar aquelas ramas que estean caendo ou que teñan baixa altura.

As melloras que contempla a UDC pasan pola substitución de eucaliptos por especies autóctonas que procuren áreas de sombra e, no caso de xerar áreas de xardín, empregar especies que podan servir para prácticas docentes da Facultade de Ciencias.







Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.3.3.- ÁREA DE RIAZOR

### 1.3.3.1.- Zona 16.

Os espazos que corresponden a esta zona son principalmente aparcadoiros e edificios onde soamente existen pequenas superficies axardinadas con arbores e arbustos, que requiran nalgúns casos de podas e noutras de renovación.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Os parterres existentes están practicamente baleiros de vexetación florida e pola cercanía ó centro da cidade, debería mellorarase.

## 1.3.4.- ÁREA DE OZA

### 1.3.4.1.- Zona 17.

No campus que acolle a Facultade de Ciencias da Saúde, existe un espacio verde, ben coidado, pero con escasa intensidade dende o punto de vista do aspecto florido.



As zonas máis deterioradas son as que corresponden cos noiros nos límites exteriores, para os cales demandase maior limpeza e desbroce.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Existen parterres tamén algo abandonados na zona sirva de exemplo o tocón de eucalipto existente dende hai máis de cinco meses.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Mención aparte, merece a existencia de exemplares de eucalipto que pola súa posición ao respecto das edificacións, sería conveniente eliminar, pois como mostran as fotografías, poden caer sobre aquelas.

Existe certo perigo, fundamentalmente debido ao seu gran porte, e a que o solo existente é pouco profundo o estar sobre rocha.

## 1.3.5.- ÁREA DE BASTIAGUEIRO

### 1.3.5.1.- Zona 18.

Neste recinto atópase a Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, predominando en exceso o céspede. Dase o caso de que as partes posteriores as edificacións, e polo tanto menos visibles, están en mellores condicións que as zonas principias da fachada.
Existen algúns parterres, que requiren de mayor dedicación, ase como a zona da entrada principal, que debería ter mais zona florida.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.







Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

1.3.5.2.-Zona 19.- Respecto do Pazo de Lóngora: podemos decir que a zona principal esta ben coidada, sendo necesario unha limpeza da zona entre adoquins da entrada, pois en vez de existir herba, co tempo se implantou o musgo, o que fai resbaladizo o chan.

A parte posterior as zonas proximas as edificacións atópanse tamén ben coidadas, a excepción da zona denominada de desbroce, que unicamente se fan labores, duas veces por ano, sendo esto insuficiente, como se pode ver nas fotografías seguintes.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.3.6.- ÁREA DE ESTEIRO (CAMPUS DE FERROL)

1.3.6.1.- Zona 20.- Área situado no centro urbano de Ferrol, ben delimitado e moi integrado na cidade.
Respecto do seus xardíns, existe tamén un exceso de céspede que nalguns casos obedece a un abandono dos parterres. É importante que as zonas principias e tamén de pequenos parterres teñan mayor intesidade de plantas anuais e mayor intensidade nas podas dos seteos.
En xeral o espacio está ben coidadeo tanto dende o punto de vista da xardinería como da limpeza.



Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.3.7.- ÁREA DE SERANTES (FERROL)

1.3.7.1.- Zona 21.- Área onde se ubica a Escola Universitaria Politécnica, recinto de pouca superficie axardinada, que ten un anexo de edificación destinado a vivenda, que hoxe en día esta abandonada.

Practicamente o recinto axardinado, a excepción da zona anexa de vivenda, son parterres de pequena superficie, que deberían estar floridos e non a herba como, se atopan na actualidade. Os árbores que foron talados, non se sustituirone tampouco eliminouse o tocón, correspondente.



Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.





Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

# 1.4.- MELLORAS PROPOSTAS

## 1.4.1.-INTRODUCCIÓN

Neste apartado preténdese dar unha serie de orientacións encamiñadas a unha boa xestión dos espazos públicos dentro do campus da Universidade de A Coruña.

Os espazos en si foron inicialmente deseñados para os usos diversos que se poden dar nestas instalacións. O respecto das superficies axardinadas existen ámbitos *"escaparate"* que son aquelas onde non deben circular persoas nin vehículos posto que intentamos ocupar todo o terreo con labores intensivas. Estos ocupan o espacio máis nobre do ámbito, onde se atopan os edificios máis importantes ou nas vías de entrada aos recintos.

Existen outros ámbito *"de tránsito"* que nos obrigan a deseñalas de forma que permita a lo menos o tránsito das persoas, con espacios destinados a elo. Por outra banda tamén existen as zonas de "viais" que dende o punto de vista da xardinería ocupan partes próximas a ruas e beirarrúas como son as medianeiras, setos parterres dos aparcadoiros e alcorques diversos.

Por último, e tamén hai que telas en conta, os terreos ocultos ou semiocultos que esteticamente no participan no deseño pero requiren atención.

Así, tendo en conta que cada ámbito sinalado ten unhas obrigas de mantemento diverso, requirirase dun estudio profundo para elaborar un proxecto de mantemento integral que conxugue os desexos e necesidades coas cargas económicas que comporta.

Dende o novo punto de vista, e principalmente nos campus de Elviña e Zapateira e algo no de Ferrol, requírese dunha inversión continuada en xardinería que permita conseguir, o cabo de 10 anos un espacio de calidade e acolledor para resaltar o labor que aquí se realiza.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.4.2.-INVESTIMENTOS

Nos referimos, por un lado ao aporte continuado de especies que enriquezan a variedade dos xardíns, e tamén a intensidade nos coidados que se requiren para chegar ao obxectivo.

Asi consideramos que en determinadas operacións de xardinería se require por trabas o acceso a certos espacios que están crecendo e que para nada son estables e resistentes a calquera actividade anexa.

Estas operacións de inaccesibilidade deberán implantarse naquelas áreas que se estean renovando ou fortalecendo, onde as labores de xardinería son intensivas.

Para que un ámbito *"escaparate"* poida ter esta consideración, manterá unha estructura vexetal fixa e outra de carácter anual ou bianual permitindo acadar diversos xogos de cores.

Polo tanto nas zonas intensivas deberan ter unha inversión inicial relativamente baixa, mentres que serán máis altos os custes de mantemento.

Non ocorre o mesmo cos ámbitos de tránsito, que requiren inicialmente da implantación de superficies continuas monoespecie que permitan un tratamento semi-intensivo, onde de forma esporádica pódense implantar parterres floridos, ou ir cubrindo o espacio ao longo dos anos con especies arbóreas que permitan reducir a intensidade do mantemento. Así haberá zonas que requiran, despois de varios anos, soamente dunha sega de herba sen dedicar máis tempo que o da poda de mantemento. Estes serán os casos, onde a inversión inicial require de maior esforzo, que será amortizado ao longo dos anos, coa reducción das labores de mantemento.

E por último, están os ámbitos "ocultos" ou "semiocultos" onde a inversión inicial pode ser relativamente baixa e o mantemento ao longo dos anos será sinxelo.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.4.3.-DETERMINACIÓNS DOS ESPAZOS SEGUNDO O SEU MANTEMENTO

Imos considerar áreas dentro de cada zona tendo en conta o seu grao de intensidade no mantemento.

1. Alcorques.
2. Arboredos con céspede.
3. Maceteiros e parterres floridos.
4. Céspede
5. Noiros.
6. Sebes.
7. Arboredo natural.
8. Mato.
9. Superficies duras.

Nos planos adxuntos a este estudio reflíctense a localización das distintas áreas, que deberían ter un mantemento diferenciado.

## 1.4.4.-LABORES BÁSICAS QUE SE REALIZARÁN EN CADA TIPO DE ÁREA

1.-Alcorques: plantación individualizadas de pés de árbores de porte medio-alto, onde é necesario realizar as seguintes tarefas no ano: rega, extracto basal limpo de vexetación mediante cavas, sachas, perfilados, abonado mineral e orgánico, tratamento fitosanitario, poda anual e recorte de arbustos.

2.-Arbores e arbustos en céspede: plantacións en pradería, poda anual no mesmo, salvo no caso de arbustos que se fará na época máis idónea do ano, mantendo a forma natural de cada especie ou o que o deseño requira, sega do céspede que se requira.

3.-Parterres e maceteiros floridos con cuberta vexetal herbácea e florida. Requírese segar despois das principais floracións, abonado orgánico e mineral segundo necesidade, plantacións anuais diversas. Sachas, cavas e rega.

4.-Céspede: superficie con extracto herbáceo denso que manterase verde todo o ciclo anual completo, mediante sega permanente, rega, abono mineral e orgánico e angazado. Os restos vexetais recólleranse sempre.

5.-Noiros: con cuberta vexetal herbácea e plantación de plantas rubideiras requiren limpeza, rega e sachas.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

6.-Sebes: poda anual de formación e saneamento. Reposición de marras, cada ano 1/3 aproximadamente. Necesitan rega. Os restos sempre se recollen.
7.-Arboredo natural: zona de árbores en formación de bosques: requírese a sega de herba e apañado das follas secas. Plantación de novas especies.

8.- Mato: superficie onde predomina a matogueira onde non se necesita tratamento salvo a sega selectiva para evitar propagación de incendios. O longo dos anos ata chegar a densidade óptima.

## 1.4.5.-LABORES BÁSICAS QUE SER REALIZARÁN EN CADA TIPO DE ÁREA

Como vimos indicando, na actualidade non existe unha definición e localización das áreas segundo a seu tipo de mantemento e conservación. Polo que o primeiro que hai que considerar é unha distribución das cargas segundo a intensidade do axardinamento.

Pódese coller a proposta dos apartados anteriores ou incrementar a tipoloxía o obxecto de afinar máis.

Os participantes no concurso deberán expoñer un proxecto de mellora e cambios que permitan valorar as súas ideas e coñecementos. Desta forma incluso no apartado de melloras quedarán xustificadas as propostas, inclusive coa súa valoración económica.

Respecto as melloras nas distintas zonas:

- En xeral o ámbito para acadar unha mellora estética require de investimentos iniciais que eleven a cantidade e calidade do material vexetal implantado.

  Por algunhas zonas vanse necesitar importantes cantidades de terra vexetal para acadar o solo necesario para implantar novas áreas intensivas.

- Requírese reparacións e melloras dos sendeiros nas zonas 14 e 15.

- Introducción de árbores autóctonas e substitución de especies invasoras e esquilmantes (acacia, eucalipto).

- Implantación dunha eira de compostaxe de resto vexetais ao aire libre dentro do ámbito, para reducir custes e servir como centro de educación ambiental.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.4.6.-MELLORA NA SISTEMÁTICA DO CONTROL DO SERVIZO

O Servizo de Arquitectura e Urbanismo da UDC será o servizo administrativo encargado do seguimento do contrato.

Establecerase un libro de ordes, presentado pola empresa e dilixenciado pola UDC ase como un libro de incidencias a cumprimentar en todo momento polo SAU, subministrando copias das anotacións á contrata.

Establécerase reunión sistemática e con periodicidade mensual. Reunión entre representantes da adxudicataria e o SAU, reunión que servirá para dar as ordes oportunas e recoller todas as incidencias.

A adxudicataria nomeará o seu representante por escrito dirixido a UDC designando á persoa con capacidade técnica suficiente.

Esta persoa poderá ser rexeitada pola UDC sempre que redacte informe coas motivacións.

O representante da empresa terá comunicación directa coa UDC mediante móbil a cargo da empresa adxudicataria, ao longo de todas as xornadas laborais.

A partir do comezo do servizo a empresa adxudicataria, tendo en conta as distintas zonas que se reflicten no Prego de condicións, deberá efectuar un seguimento de cada unha delas indicando os investimentos realizados, as labores de mantemento e limpeza realizados, todo elo con periodicidade mensual. Dito informe requirirá da conformidade do SAU para dar o visto bo ao pagamento da seguinte mensualidade.

Ademais do seguimento das zonas, o informe antedito que presentará a empresa incluirá:

- Declaración das persoas e tempo dedicados ao servizo durante este mes.

- Declaración dos investimentos realizadas e o seu custe.

- Declaración do estado da maquinaria e as súas incidencias.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

# 1.5.- PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE TÓDOLOS ESPAZOS AXARDINADOS E VIARIOS DOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XUÑO 2010

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

# ÍNDICE

1.- OBXECTO DO CONTRATO

2.- CONDICIÓNS DO SERVIZO

3.- MATERIAIS E MAQUINARIAS

4.- RESPONSABILIDADES

5.- PERSOAL

6.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS ZONAS AXARDINADAS

6.1. Ámbito do servizo
6.2. Tarefas a realizar
6.2.1. Rega
6.2.2. Mantemento do céspede
6.2.2.1. Sega do céspede
6.2.2.2. Recorte de bordos e perfilado do céspede
6.2.2.3. Escarificado
6.2.2.4. Resementeira
6.2.2.5. Recebos e nivelacións
6.2.2.6. Aireación
6.2.3. Tratamentos fitosanitarios
6.2.4. Fertilización
6.2.5. Poda de árbores e recorte de arbustos
6.2.6. Parterres e xardineiras
6.2.7. Cavas e entrecavas
6.2.8. Sachas de Parterres e gabias
6.2.9. Reposición de marras
6.2.10. Mantemento e conservación dos elementos de mobiliario urbano
6.2.11. Mantemento e conservación da rede e os equipos de rego
6.2.12. Limpeza e angazado
6.2.13. Traballos de urxencia e seguridade
6.2.14. Normas sobre residuos procedentes dos traballos de xardinería

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

7.-FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA

8.- CONTROL DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

9.-RESPONSABILIDADE TÉCNICA DO ADXUDICATARIO

10. CONTIDO DAS OFERTAS TÉCNICAS QUE PRESENTARÁN OS LICITADORES

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de conservación, mantemento e limpeza de tódolos espazos axardinados e viarios dos campus da Universidade de A Coruña en diante UDC.

O presente Prego de Prescricións Técnicas contén a relación das operacións a realizar, a súa frecuencia e tódalas condicións de obrigado cumprimento que levará a cabo a empresa ou empresas adxudicatarias, aos efectos de proceder a executar o obxecto desta contratación.

As modificacións por ampliacións por incremento de novas áreas ou disminución das existentes, serán obrigatorias para a empresa adxudicataria previa comunicación oficial por parte da Dirección Técnica a cargo do Servizo de Arquitectura e Urbanismo da UDC, en diante SAU.

## 2.- CONDICIÓNS DO SERVIZO

A execución dos traballos de conservación, mantemento e limpeza serán os reflectidos neste prego, onde se expresa o grao de mantemento nas superficies definidas.

O contratista adxudicatario contará con persoal idóneo en número e competencia profesional, así como cos medios técnicos e mecánicos eficaces para o cometido.

A UDC poderá en todo momento realizar melloras nos espazos axardinados, coa incorporación de máis plantas ou outras obras, que serán entregadas para a súa conservación ao contratista adxudicatario.

O adxudicatario non poderá realizar obras que modifiquen as áreas e o seu deseño, sen autorización expresa do órgano nomeado pola UDC para o seguimento do servizo.

## 3.- MATERIAIS E MAQUINARIA

Na execución do servizo adxudicatario empregará a maquinaria e materiais máis axeitados ás características das distintas áreas e superficies, a fin de que non prexudiquen a súa conservación. A estes efectos, o concursante, na súa oferta, fará obrigatoriamente unha relación descritiva e pormenorizada dos medios técnicos que, ao seu xuízo e a risco e ventura, é preciso usar para cada tarefa.

O adxudicatario deberá adquirir, pola súa conta, o material preciso e necesario para o correcto desenvolvemento do servizo, estando obrigado á repoñelo mentres dure o contrato.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

As máquinas e equipos de mantemento deberán ser seleccionados segundo a idoneidade para o desenvolvemento do traballo debendo atoparse todas elas en todo momento en perfecto estado de conservación e limpeza. Os elementos móbiles das máquinas que presenten algún perigo estarán equipadas de dispositivos de protección, de tal maneira que se elimine calquera risco de contacto que poida provocar accidentes. Deberanse tomar precaucións para evitar as proxeccións de obxectos (restos de sega, desperdicios, etc.) que poidan supoñer un perigo para os operarios, usuarios e elementos próximos á área de traballo. As máquinas de sega deberán prever un mando do dispositivo de corte, de forma que precise dúas accións separadas e diferentes para accionar os elementos de corte. O manual de instruccións das máquinas e equipos deberá conter informacións detalladas sobre o funcionamento de todos os mandos.

O adxudicatario deberá presentar na súa oferta un Plan de Prevención de Riscos Laborais que contemple as medidas a tomar para a realización do servizo, entre as cales deben figurar as necesarias para o uso correcto das máquinas e equipos onde deberán observarse as seguintes instruccións:

-Necesidade de levar proteccións (gafas, luvas, calzado adecuado, etc.)
-Non traballar coas máquinas se os protectores están deteriorados ou sen colocar no seu sitio.

-Manter sempre as mans e os pés afastados dos dispositivos de corte, especialmente cando se arranca o motor.

-Desconectar a máquina antes de facer calquera operación de control, limpeza ou traballo e tamén cando non se usa.

-As máquinas deberán estar sempre en perfecto estado e as súas revisións de mantemento serán periódicas para garantir a seguridade propia e allea.

## 4.- RESPONSABILIDADES

A empresa adxudicataria responderá dos danos e prexuízos que por mal uso do servizo ocasione, facéndose cargo da reposición, aboamento ou indemnización a que dea lugar o dano producido. A empresa adxudicataria controlará especialmente os procedementos utilizados nas operacións de mantemento e a súa repercusión ante terceiros, así como na degradación dos espazos e do medio ambiente. A estes efectos, o concursante, na súa oferta, incluirá unha póliza de seguro para este fin e deberá especificar os materiais e marcas a utilizar.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 5.- PERSOAL

O adxudicatario disporá do persoal necesario en cada momento e época do ano para a boa execución dos labores de conservación; porén, verase obrigado a manter un persoal mínimo, que deberá quedar plenamente reflectido e xustificado na oferta.

Ao fronte do persoal deberá figurar un traballador con coñecementos necesarios para o bo desenvolvemento dos traballos e que se encargará da dirección e organización destes. Calquera cambio que a empresa pretendera facer con este traballador, polos motivos que fose, durante o período do contrato, deberá ser comunicado previamente ao SAU. Esta persoa será o único interlocutor válido entre a empresa adxudicataria e a UDC.
As tarefas de conservación deberán realizarse durante os días da semana que fagan falta, polo que na oferta deberá propoñerse o horario que en función da organización dos traballos previstas, se considere máis operativo. Tanto o persoal como os vehículos, maquinaria e en xeral todos os medios ofertados deberán estar dispoñibles durante o horario a cumprir pola contrata.
Notificarase á UDC os nomes, categorías, cualificación profesional e demais circunstancias dos traballadores que cubran o cadro de traballadores para o desempeño das misións ás que se refire este prego, así como as variacións que se produzan neste.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún suposto poderá considerarse con relación laboral, contractual ou de calquera tipo respecto a UDC, debendo ser o contratista quen asuma respecto a eles todo tipo de obrigas laborais, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo, así como fiscais, e ter debidamente informado ao seu persoal deste extremo. Debe quedar definido claramente na súa oferta o equipo de protección individual e o uniforme co que propón dotar a todos os operarios en cada un dos seus cometidos.

A empresa adxudicataria comprométese a ter debidamente dado de alta ao persoal na Seguridade Social e cumprir todas as obrigas legais contractuais. Así mesmo, comprométese a cumprir a normativa legal en materia de Prevención de Riscos Laborais. Os danos que o persoal contratado polo adxudicatario poda ocasionar no mobiliario, instalacións ou calquera outra propiedade da Universidade de A Coruña, xa sexa por neglixencia ou mala fe, serán a conta do adxudicatario. A indemnización será establecida pola UDC despois de escoitar ao adxudicatario. Cando o referido persoal non actuase con debida corrección ou fose evidente unha conduta pouco coidadosa co decoro ou desempeño do seu cometido, a UDC poderá solicitar ao adxudicatario a substitución dos traballadores motivo do conflicto.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 6.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS ZONAS AXARDINADAS

As zonas e áreas axardinadas a conservar e manter reflíctense nos planos adxuntos a este prego.

En cada área poranse unha serie de tarefas específicas para lograr o seu mantemento de forma que se logre unha mellora da situación actual, tanto estética como do estado fisiolóxico das plantas.

### 6.1. ÁMBITO DO SERVIZO

As superficies obxecto deste servizo son tódalas zonas verdes das áreas de Elviña, Zapateira, Riazor, Oza e Bastiagueiro do Campus da Coruña e o campus de Ferrol distinguindo en distintas zonas axardinadas.

As zonas reflectidas nos planos que se achegan a este prego, subdivídense formando un mosaico de categorías de manexo, onde se realiza un tipo de conservación e mantemento diferenciado, coas seguintes tarefas mínimas.

1. Alcorques: plantacións individualizadas de pés de árbores de porte medio-alto onde é necesario realizar as seguintes tarefas mínimas ao longo do ano: rega, extracto basal limpo de vexetación mediante cavas, sachas, perfilados, abono mineral e orgánico, tratamento fitosanitario, poda anual e recorte de arbustos.

2. Arbores e arbustos en céspede: plantacións en pradería, poda anual no mesmo, salvo no caso de arbustos que se fará na época máis idónea do ano, mantendo a forma natural de cada especie ou o que o deseño requira.

3. Parterres e maceteiros floridos con cuberta vexetal herbácea e florida.

Requírese segar despois das principais floracións, abonado orgánico e mineral segundo necesidades, plantacións anuais diversas, sachas, cavas e rega.

4. Céspede: superficie con extracto herbáceo denso que manterase verde todo o ciclo anual completo mediante sega permanente, rega, abono mineral e orgánico e angazado. Os restos vexetais recóllense sempre.

5. Noiros: con cuberta vexetal herbácea e plantación de plantas trepadoras. Requírese limpeza, rega e sachas.

6. Setos: poda anual de formación e saneamento. Reposición de faltas, cada ano 1/3 aproximadamente. Necesitan rega. Os restos sempre se recollen.

7. Arboredo natural: zona de árbores en formación de bosque: requírese a sega de herba.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

8. Mato: superficie onde predomina a matogueira onde non se necesita tratamento salvo a sega selectiva para evitar propagación de incendios. Plantaranse árbores e arbustos de forma indiscriminada.

## 6.2. TAREFAS A REALIZAR

Nos apartados seguintes detállanse o conxunto de labores a realizar e as súas características técnicas, que tamén se deben considerar igualmente incluídos no prezo ofertado, aínda que non estean taxativamente descritos tódolos traballos e operacións que na orde lóxica e práctica do bo oficio, sexa necesario executar ou dispoñer.

A periodicidade que se sinala para algúns dos labores deberá tomarse como indicativa e sempre será o mínimo a realizar, estando supeditada en todo momento ao criterio da dirección dos traballos da UDC. Ademais, a maquinaria, ferramentas e todos os materiais precisos para a execución dos labores (recebo, fertilizante, semente, substratos, etc.), serán por conta do adxudicatario, a non ser que se indique de xeito expreso o contrario.

### 6.2.1 Rego

Faise unha distinción entre zonas con rego automático e sen el. Nas zonas que dispoñan de rego automático farase a programación de tempos de rego e de frecuencias correspondentes ás necesidades hídricas de cada momento.

Nas zonas que non dispoñen de rego automático e, ademais, no caso de existir novas plantacións de árbores ou arbustos, o adxudicatario terá a obriga de regalos manualmente, incluídas xardineiras e maceteiros. Todos os elementos vexetais regaranse diariamente ou coa frecuencia aconsellable segundo a época do ano, dependendo das condicións edafoclimáticas e das especies existentes, de xeito que tódolos elementos vexetais atopen o solo coa porcentaxe de auga útil necesaria para o seu normal crecemento e desenvolvemento.

Para o rego utilizarase o sistema que sexa adecuado, debendo o adxudicatario non utilizar máis auga que a estrictamente necesaria e coidando que non se produzan perdas por bocas de rego mal pechadas ou calquera outro motivo, sendo a auga consumida por conta da UDC. O sistema de rego funcionará na época de estiaxe, sendo o momento máis indicado pola tarde-noite. Porén, os horarios poderán ser alterados para non coincidir coas horas de maior consumo de auga. De tódolos xeitos, a dose nunca debe de exceder os 8 litros por metro cadrado e aplicación.

As árbores e as palmeiras deberán de ser regados en épocas de fatiga hídrica coa periodicidade adecuada e, en todo caso, o suficiente para asegurar a súa

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

pervivencia. Se se produce unha avaría na rede de auga, a adxudicataria regará mediante cisterna con mangueira acoplada.

Previa a autorización da UDC o adxudicatario poderá facer ao seu cargo exclusivo melloras na rede de rego, que quedarán en propiedade da UDC.

### 6.2.2. Mantemento do céspede

#### 6.2.2.1. Sega do céspede

A sega realizarase durante todo o ano, coa frecuencia precisa para que a herba non alcance unha altura tal que estética e fisioloxicamente supoña un prexuízo para o céspede. Antes de cada sega limparase e prepararase o terreo, debendo de evitarse a sega co céspede mollado.

Non se poderá facer nunha sola vez o corte de máis da terceira parte da altura foliar do céspede. Despois de cada sega, unha vez retirados a vertedoiro autorizado ou a o composteiro os restos que a consecuencia da mesma queden sobre o céspede, procederase a regar a superficie segada se é necesario.

A modo de orientación, no período de actividade vexetativa (de abril a setembro) segarase como mínimo unha vez cada 20 días e no resto do ano unha vez cada corenta días, segundo a climatoloxía e o estado do céspede. De modo xeral, a altura do céspede será de 5 cm, non admitíndose en ningún caso unha altura superior a 8 cm nin menor de 3 cm e podéndose fixar polo SAU da UDC as alturas máximas para cada tipo de céspede. Sempre que as áreas do céspede ou o terreo o permita, cada sega executarase en direccións e sentidos alternos.

#### 6.2.2.2. Recorte de bordos e perfilado no céspede

En xeral, farase durante todo o ano, coincidindo coas segas. Cando a herba linda con árbores, arbustos, muros, pavimentos, etc., estas franxas recortaranse con rozadora manual de cabeza de fío, segando a herba destas zonas á mesma altura que o resto. Unha vez recortados os bordos limparanse os pavimentos lindeiros que resulten afectados pola operación. En todo caso, manterase o actual trazado dos perfís nas diferentes zonas, sempre que non exista outra indicación ao respecto, corrixindo os desperfectos ou alteracións que por calquera causa se orixinen naqueles.

#### 6.2.2.3. Escarificado

Nestas operacións romperanse as capas superficiais do solo, onde as acumulacións de materia orgánica poden formar unha capa de feltro debido aos rizomas, estolóns, raíces, restos de sega secos, etc. Trátase, en esencia, de

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

airear as capas superficiais do solo empregando unha máquina tipo "Verticut" facendo dous pases cruzados. Lévase a cabo en primavera e se fose necesario, en outono en caso de existencia dunha capa de feltro que cause problemas ao céspede. Despois de escarificar débense de recoller os restos.

### 6.2.2.4. Resementeiras.

Realízanse na primavera e/ou outono. En zonas que non requiran unha renovación completa, que pola mala sementeira ou desgaste posterior se produzan claros ou calvas, deberá facerse unha sementeira coa mesma mestura de sementes que a existente na zona. As zonas que se deberán resementar son aquelas que presenten calvas sen vexetación de 25 cm de diámetro ou máis e excedan o 4% da superficie.
A resementeira levarase a cabo coas mesmas mesturas de semente que a sementeira, en doses de 30-60 g/m$^2$, sendo todos os materiais a conta do Adxudicatario. Previamente realizarase unha sega baixa a 15-30 mm e preferiblemente unha labor de escarificado e/ou un aireado en profundidade cun aireador de púas ocas. Posteriormente aplicarase un recebo a base de turba e area cunha

dose de 1 litro/m$^2$.

### 6.2.2.5. Recebos e nivelacións.

O recebado farase coincidindo coa aireación, en primavera ou outono, unha vez ao ano. O material para o recebado deberá ser fino e seco, dentro das características propias de cada material, para facilitar a súa distribución e penetración dentro do céspede. As nivelacións faranse nas áreas que presenten pequenas depresións do terreo e nas variacións do plano de sega faranse diversas achegas superficiais lixeiras para nivelalas gradualmente.

Antes do recebado e/ou nivelación segarase o céspede. Deben incorporarse con ambiente seco e nunca durante o período de xeadas. Todas as achegas superficiais deberán incorporarse ao céspede con esparexadores, angazos, etc. A dose de aplicación será de 4 kg/m$^2$, a base de 1/3 de humus e 2/3 de area silícea, e sendo todos os materiais a conta do Adxudicatario.

### 6.2.2.6. Aireación

Para mellorar a permeabilidade do terreo, facilitando así a penetración da auga, o osíxeno e os fertilizantes que se acheguen, farase a aireación do céspede con rodillos perforadores ou con máquinas aireadoras con sacabocados, de 10 a 15 cm de profundidade e de 1 a 2 cm de diámetro.

Realizarase na primavera ou no outono, unha vez ao ano, debéndose de levar a cabo unha aireación do solo en profundidade, en toda a superficie do céspede.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Empregarase un equipo de aireación con extraccións de 10 cm de lonxitude mínima, realizando pases cruzados. Este labor farase cando o solo estea o suficientemente húmido para permitir unha mellor penetración.

No caso de que o solo teña unha textura típica extrema, débese modificar coa incorporación de achegas superficiais (recebados con area a unha dose de 1-2 kg/m e materia orgánica a unha dose de 1,5 $l/m^2$) nos furados creados pola operación de aireación. Farase inmediatamente despois da sega, retirando con posterioridade os restos obtidos.

### 6.2.3.- Tratamentos fitosanitarios.

O adxudicatario quedará obrigado a realizar cos seus propios medios e nas datas oportunas os tratamentos preventivos necesarios para impedir a iniciación ou propagación de calquera enfermidade ou praga que puidera aparecer nalgún dos cultivos ou nos terreos obxecto do presente prego, así como aqueloutros encamiñados a combater na súa totalidade a enfermidade ou praga unha vez desenvolvida.

Na aplicación destes tratamentos utilizaranse medios, produtos e procedementos modernos e eficaces, non tóxicos nin molestos para as persoas, debendo comunicar previamente e por escrito o SAU a fórmula, método e dosificación do producto a empregar en cada caso. Os produtos estarán suxeitos ao establecido no anexo de medias medioambientais.

Todos os productos fitosanitarios a empregar serán achegados polo adxudicatario que, así mesmo, deberá dispoñer dos sistemas de información técnica adecuados para poder controlar e seguir a evolución dos tratamentos que se propoñan. A aplicación de tratamentos funxicidas curativos deberá facerse no momento dos primeiros síntomas, unha vez determinado o axente causal. É necesario asegurar un bo reparto e fixación das gotas sobre a superficie vexetal ao levar a cabo a súa aplicación. A aplicación de insecticidas deberá facerse no momento en que se detecten os primeiros síntomas.

A presencia de micromamíferos nas áreas de céspede deberá ser controlada para evitar que cheguen a ser unha praga. Os tratamentos serán realizados dentro dun horario que non cause prexuízos nin molestias aos usuarios da área da que se trate.

No caso da existencia de malas herbas ou herbas non desexadas, con carácter preventivo, nas zonas ocupadas por céspede, faranse polo menos dous tratamentos anuais en primavera e en outono, sempre baixo a supervisión do SAU. As condicións de aplicación dos herbicidas no caso do céspede serán:

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

-Temperaturas suaves, tempo estable e ausencia de chuvias antes e despois tratamento.

-Céspede seco.

-Ao menos 3 días despois da sega en céspedes establecidos.

-Non antes da terceira sega en céspedes xoves.

-Ao menos 5 días antes da seguinte sega.

Deberanse respectar os prazos de seguridade indicados na etiqueta do producto aplicado. No caso de que existan varias formulacións e/ou materias activas indicadas para unha mesma praga ou enfermidade, aplicarase preferentemente aquela con menor toxicidade para as persoas e para a fauna terrestre.

O control de pragas e enfermidades deberá ser levado a cabo por persoal técnico cualificado, que sexa capaz de determinar o patóxeno causante dos danos e prescribir os métodos de control. O persoal encargado de realizar as aplicacións deberá de estar en posesión dos carnés que marque a lexislación en vigor.

### 6.2.4.- Fertilización.

Nas áreas axardinadas faranse fertilizacións durante case todo o ano, dependendo da riqueza, composición, número de aportes e dose a incorporar. En total, as achegas medias necesarias nas zonas de céspede son de 120 kg de Nitróxeno, 60 kg de Fósforo ($P_20_5$), 100 kg de Potasio ($K_20$) e 20 kg de Magnesio (MgO) por hectárea e ano.

O tipo de fertilizante e a dose a empregar concretarase por parte do SAU, despois de escoitar a proposta técnica e razoada do adxudicatario.

En xeral, os fertilizantes minerais empregaranse cando as follas do céspede estean secas, tomándose as medidas preventivas oportunas para evitar as queimaduras polo emprego de fertilizantes concentrados. As labores faranse preferiblemente mediante aboadora mecánica e o esparexido mediante pases cruzados. Despois do fertilizado e independentemente do rego programado farase un rego abundante.

En xeral, en zonas plantadas con árbores e arbustos levaranse a cabo dous tipos de abonado: abonado orgánico a razón de 2 kg/árbore en arboredo e de 0,5 a 0,7 kg/$m^2$ en macizos, subministrando abonado mineral de liberación lenta en cantidade suficiente que garanta o normal desenrolo e floración das plantas. En todos os casos, se as especies son sensibles á natureza do pH aportarase a

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

cantidade precisa de caliza magnesiana para subir dito parámetro un punto ao ano.

O adxudicatario respectará a lexislación en vigor sobre solos, abonos, fertilizantes, sanidade vexetal e medio ambiente, adaptándose ás normativas comunitarias, estatais e autonómicas en relación co medio ambiente e a contaminación das augas superficiais e do subsolo, así como aos establecido no anexo medioambiental a este prego. Todos os fertilizantes necesarios serán achegados polo adxudicatario e, se durante a duración do contrato, se presentara carencia dalgún elemento esencial nas especies suxeitas a conservación, o contratista adxudicatario estará obrigado a corrixir ditas carencias coa achega dos elementos necesarios para corrixilas.

### 6.2.5.-Poda de árbores e recorte de arbustos.

Como norma xeral, a poda de árbores realizarase en parada vexetativa e só cando sexa necesaria, aínda que a poda de saneamento ou excepcional poderá levarse a cabo en calquera época do ano; a poda de arbustos, en crecemento libre ou dirixida, farase na forma e época máis conveniente para unha mellor formación e vexetación das plantas. A poda realizarase seguindo as directrices marcadas polo SAU para cada tipo de situación de arboredo, non sendo necesario podar todas as árbores e arbustos, nin todos da mesma forma, distinguíndose catro tipos de poda:

-Poda de formación: é a realizada nas árbores xoves ata conseguir o porte e forma desexada da planta adulta, debendo buscarse a forma natural de cada especie.

-Poda de mantemento: é a realizada para manter a árbore sa no seu porte e lograr a máxima vistosidade e floración, dependendo da especie.

-Poda de rexuvenecemento: é a que se realiza nas árbores que brotan con facilidade despois do corte, suprimindo parte ou toda a copa, ou partes visibles da mesma, co obxectivo de obter unha parte aérea máis nova e vigorosa.

-Poda excepcional: ademais das anteriores e de forma excepcional pódense realizar outras podas cando así as circunstancias o esixan.

O recorte de arbustos con formas dirixidas ou sebes realizarase normalmente cando o brote exceda de 7 cm de altura consolidada. Os restos procedentes das podas e recortes deberán retirarse o mesmo día da súa corta. Poderase eliminar como máximo o 25% da follaxe nunha mesma operación/temporada. As normas xerais que se deberán ter en conta son as seguintes:

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

-Os traballos de poda de árbores deberán ser realizados por podadores cualificados, con coñecementos acerca das necesidades e bioloxía da árbore e as normas de seguridade aplicables en cada caso.

-Que as árbores resinosas de folla persistente non deben podarse senón en puntas de ramas ou, en casos excepcionais, con supresión de ramas moi novas.

-Deberase evitar cortar ramas moi grosas e cando isto non sexa posible tratarase con cicatrizantes inmediatamente despois.

-Os cortes deberán de ser limpos e non provocar desgarras.

-As plantas que florezan nas ramas do ano anterior podaranse inmediatamente despois da floración.

-A poda deberá tender sempre a conseguir a máxima ventilación e iluminación de todas as partes da planta.

-As ramas que se supriman definitivamente deberán cortarse o máis raso posible no seu punto de inserción, sen danar os límites externos do cóbado, respectando a engurra da cortiza e o engrosamento da rama.

-As leñas da poda deberán partirse, atarse e ser transportadas a vertedoiro como máximo no día seguinte ao seu corte.

-Todas as polas mortas e partes secas deberán eliminarse.

-As ferramentas de poda deberán de estar ben afiadas, mantidas de acordo cos seus manuais de instruccións e desinfectadas. A desinfección deberá de facerse de maneira obrigatoria ao acabar a xornada, cambiar de zona e, en casos de exemplares afectados por podremias ou similares, ao cambiar de árbore.

-Os líquidos de desinfección deberán estar expresamente autorizados para desinfección de ferramentas de poda.

-Non se usarán espuelas nin similares na trepa, nin se realizará a poda en épocas de xerminación nin caída de follas.

-No caso das palmeiras, a inspección técnica deberá avaliar as operacións necesarias para o seu mantemento, así como identificar os posibles perigos e patoloxías. A poda das palmeiras realizarase en calquera época, fóra do período de xeadas e só cando sexa necesaria. A supresión de follas vellas realizarase sen cortalas a ras de estípite, cunha distancia que dependerá das especies e tratamento escollido. Deberán de usarse equipos ou máquinas que garantan a seguridade do podador e sexan inocuos para as palmeiras.

Ante posibles casos de problemas estruturais en árbores de gran tamaño, o adxudicatario estará obrigado a elaborar un informe técnico da situación do

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

exemplar baseándose en técnicas e equipos de arboricultura indicados para tal fin, ante a posibilidade de que a árbore se desprenda total ou parcialmente, e a consultar coa UDC, a mellor solución.

Inclúese neste apartado as operacións necesarias para acadar unha boa distribución das plantas trepadoras que existan hoxe ou poidan existir un futuro.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 6.2.6.-Parterres e xardineiras.

As zonas do xardín dedicadas a plantas de temporada e as xardineiras serán repostas como mínimo dúas veces ao ano. No deseño das distintas áreas de flor tenderase aos macizos mixtos, que inclúan planta de temporada e planta persistente, dominando a de flor. Así, como orientación, nos parterres existentes plantaranse plantas de temporada nos meses de verán (petunias, violas, begonias, etc.), mentres que nos meses de outono-inverno plantaranse especies bulbosas (xacinto, ciclamen, tulipán, etc.). O subministro das plantas, a plantación das mesmas e o acolchado preciso serán a costa do adxudicatario.

### 6.2.7.-Cavas e entrecavas.

As cavas realizaranse frecuentemente, de xeito que non exista vexetación non desexada e se manteña a boa estructura do solo; a frecuencia dependerá da época do ano e os ditos labores non teñen que afectar ao sistema radicular das árbores. A profundidade da cava será da orde de 12-15 cm. Para as árbores plantadas en gabia, este entrecavado comprenderá toda a superficie da mesma; a dita superficie débese manter no tempo, perfilando esta zona.

Para evitar a compactación do solo, todos os terreos serán angazados frecuentemente e, en particular, despois de cada operación de entrecavado.

### 6.2.8.- Sachas de parterres e gabias.

Terá como finalidade a eliminación das malas herbas de xardíns e gabias ocupados por árbores, palmeiras, arbustos e plantas de flor, e deberá efectuarse en canto desmereza o aspecto do terreo, ou sempre que a UDC así o indique; podendo realizarse de forma manual, mecánica ou química. O sachado manual ou mecánico consiste no entrecavado das zonas ocupadas por árbores, palmeiras, arbustos e plantas de flor.

No caso concreto da eliminación das malas herbas mediante a utilización de herbicidas, aparte da autorización necesaria para o seu uso, estes deben garantir a supervivencia das especies que compoñen a zona verde. Cando se trate de eliminación de malas herbas e vexetación de crecemento espontáneo en superficies sen plantación (camiños, paseos, etc.), e no caso de ser utilizado algún tipo de herbicida, este tamén deberá ser autorizado previamente. Os tratamentos realizaranse cando as condicións climáticas se mostren favorables.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 6.2.9.-Reposición de marras.

Estes labores consistirán na substitución e renovación das plantas permanentes ou de temporada que perderan as súas características ornamentais ou ben que o seu precario estado botánico faga prever tal situación para un futuro próximo e que deban ser garantidas durante o período de conservación. En todas as reposicións que se efectúen empregaranse especies de características idénticas ás substituídas, sendo de conta do Adxudicatario a compra das mesmas, sempre e cando non se deban a roubos ou vandalismo. En todo caso e antes da reposición. elevarase unha consulta o SAU.

### 6.2.10.-Mantemento e conservación dos elementos de mobiliario urbano.

Coa frecuencia oportuna, os elementos do mobiliario urbano existentes no interior dos xardíns obxecto do presente prego (papeleiras, bancos, xardineiras, marquesiñas de autobús, etc.) deberanse manter en perfectas condicións de uso e limpos de restos, refugallos, po e barro. Ademais, inmediatamente que aparezan ou segundo necesidades puntuais, efectuarase a eliminación de manchas, pintadas, malas herbas e organismos vivos nocivos. Os elementos deberanse limpar, se é o caso, de forma periódica, preferentemente con productos inocuos. No caso de que non sexa posible, deberanse tomar as medidas necesarias para evitar danos a persoas, animais, plantas e medio ambiente.

Os elementos de madeira e metal deberán estar debidamente protexidos e/ou pintados. Calquera desperfecto ou falta de pintura ou verniz deberase emendar. Cando a reparación sexa recente, deberase sinalizar de maneira adecuada ata que a pintura ou verniz se sequen convenientemente. Deberán manterse perfectamente unidos todos os compoñentes do elemento de mobiliario así como as fixacións das ancoraxes ao longo de toda a súa vida útil.

Deberán manterse lubrificados todos os mecanismos móbiles ao longo de toda a súa vida útil. No caso de desperfectos nos elementos do mobiliario que fagan insegura a súa utilización, tomaranse as medidas oportunas para evitar o acceso dos usuarios.

Se durante a instalación, ou mantemento, os elementos non estivesen en condicións de ser usados, estes deberán ser balizados correctamente. Nas reposicións deberanse utilizar materiais orixinais ou homologados, respectando o deseño orixinal. As reparacións deberán incluír un correcto emprazamento e o acabado deberá respectar os niveis existentes. En caso de pequena rotura, realizaranse as oportunas reparacións a cargo do adxudicatario; para grandes

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

desperfectos serán retirados os elementos, informando o SAU, que realizará a súa reposición.

### 6.2.11- Mantemento e conservación da rede e os equipos de rego.

A conservación dos sistemas de rego e de todos os elementos necesarios para isto (conduccións elementos de distribución, cadros eléctricos, bocas de rego, etc.) estarán a cargo do adxudicatario e a súa reparación realizarase no menor tempo posible. Da mesma forma que se inclúe neste apartado o sistema de bombeo da fonte situada na zona 12, a cal se manterá en continuo funcionamento, correndo a cargo da concesionario os gastos que ocasione. A enerxía eléctrica e a auga potable consumida polos diferentes sistemas de rego será por conta da UDC.

Se polo incorrecto cumprimento de calquera dos anteriores extremos se producisen derrames de auga, erosións do terreo ou outros prexuízos, o adxudicatario restablecerá pola súa conta a situación primitiva da zona danada e aboará, no seu caso, o importe do volume de auga derramado. A substitución de calquera elemento constituinte dos sistemas de rego farase con pezas e material idéntico ao existente, salvo indicación expresa, e calquera obra que poida quedar oculta deberá ser supervisada polo SAU. Do mesmo xeito e previa autorización expresa, o adxudicatario poderá realizar ao seu cargo melloras na rede de rego, que quedarán de propiedade da UDC. O adxudicatario estará igualmente obrigado a conservar tanto os sistemas de rego que poidan incluírse no parágrafo anterior, como os que a propia UDC realice ou asuma xa executados. Igualmente se manterán e conservarán tódolos sistemas e redes de abastecemento de auga potable das distintas zonas, entre eles (conducións, elementos de distribución, fontes, etc.), estarán a cargo do adxudicatario e a súa reparación realizarase no menor tempo posible.

### 6.2.12.- Limpeza e angazado

Realizarase durante todo o ano, coincidindo coas segas. Dedicarase unha atención constante e meticulosa á limpeza de todas as superficies comprendidas dentro do perímetro dos xardíns. Esta labor consistirá na eliminación de calquera material que non sexa a propia terra, deixándoa totalmente limpa, aireada e sen ningún terrón de granulometría superior a 4 cm.

Así mesmo, deberanse limpar tamén as zonas duras lindeiras, despois de realizado un traballo que produza ou espalla restos. Os angazados faranse máis a miúdo no outono para recoller as follas caídas das árbores e arbustos sobre o céspede. Os restos vexetais producidos retiraranse a zona de compostaxe

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

indicada pola UDC e o resto de residuos os contedores, a tal efecto tendo en conta a normativa o respecto do RECICLAXE.

As operacións de limpeza realízanse tantas veces como sexa preciso, sendo como mínimo cunha frecuencia diaria.

### 6.2.13.- Traballos de urxencia e seguridade

Cando concorran causas extraordinarias ou imprevistas (accidentes, fenómenos meteorolóxicos) realizaranse os traballos especiais de urxencia e seguridade necesarios para manter e restablecer a seguridade pública afectada polo arboredo, sen prexuízo de que o resto do persoal de mantemento da UDC axuden na medida das súas posibilidades.

### 6.2.14.- Normas sobre residuos procedentes dos traballos de xardinería

O Adxudicatario deberá realizar as tarefas que considere necesarias para o tratamento do residuo orgánico procedente das labores de xardinería, estando estrictamente prohibido utilizar os contedores de residuos urbanos. No caso de que nas propostas realizadas se destinen este residuo á elaboración de compost, este deberase elaborar de forma continuada, sen que se produzan acopios de volúmenes superiores os 40 m3.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

6.2.15. – Normas específicas para o mantemento do Monte da Fraga

**Mantenimiento de sendas, segundo o seguinte gráfico de camiños.**




**2.- Mantenimiento da zona de plantación e da zona húmida**

Eliminación de prantas introducidas (euc alipto, acacia, herba das las Pam pas, Budelia e Solanum ornamental).

Control do crecemento de especies arbustivas de desenvolvemento rápido (xesta e toxo) e de fruticosas trepadoras como as silveiras.

Mantenimiento da base das árbores plantadas, despexando outras especies.

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Zona húmeda. Erradicación de especies exóticas e mellora dos camiños no seu interior, eliminando as zarzas na zona má is chá, entre a F acultade de Ciencias e o bosque húmedo, e, parcialmente, dentro do bosque.

**Lista das especies arbóreas no Monte da Fraga que se protexerán:**

*Acer pseudoplatanus* (pradairo)
*Alnus glutinosa* (ameneiro)
*Betula alba* (bidueiro)
*Castanea sativa* (castiñeiro)
*Fagus sylvatica* (faia)
*Fraxinus excelsior* (freixo)
*Ilex aquifolium* (acibro)
*Junglans regia* (nogueira)
*Laurus nobilis* (loureiro)
*Pinus pinaster* (piñeiro bravo)
*Prunus avium* (cerdeira)
*Pyrus communis* (pereira brava)
*Quercus pyrenaica* (rebolo)
*Quercus robur* (carballo)
*Quercus rubra* (carballo americano)
*Salix atrocinerea* (salgueiro)
*Sorbus aucuparia* (capudre)

**Plano xeral.** Situación das cinco áreas nas que se subdivide o Monte da Fraga.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.




Fig 3: Plano do Campus A Zapateira

## Tabla 1: Lista especies arbóreas na zona A.

| ESPECIE | ZONA A | | |
|---|---|---|---|
| | A1 | A2 | A3 |
| | Nº Exemplares | Nº Exemplares | Nº Exemplares |
| *Alnus glutinosa* (ameneiro) | | | 6 |
| *Betula alba* (bidueiro) | | | 9 |
| *Castanea sativa* (castiñeiro) | 6 19 | | 11 |
| *Ilex aquifolium* (acibro) | 2 6 | | |
| *Pyrus communis* (pereira brava) | | | 1 |
| *Quercus pyrenaica* (rebolo) | 1 | | |
| *Quercus robur* (carballo) | 18 66 | | 12 |
| *Quercus rubra* (carballo americano) | | | 2 |
| *Salix atrocinerea* (salgueiro) | | | 1 |

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## Tabla 2: Lista especies arbóreas na zona B

| ESPECIE | ZONA B | |
|---|---|---|
| | B1 | B2 |
| | Nº Exemplares | Nº Exemplares |
| *Acacia melanoxylon* (acacia) | 1 | |
| *Alnus glutinosa* (ameneiro) | 1 | |
| *Betula alba* (bidueiro) | 1 2 | |
| *Castanea sativa* (castiñeiro) | 1 1 | |
| *Ilex aquifolium* (acebo) | 2 | |
| *Pinus pinaster* (piñeiro) | 2 | |
| *Prunus avium* (cerdeira) | 37 | |
| *Quercus robur* (carballo) | 2 4 | |
| *Sorbus aucuparia* (capudre) | 13 | |
| *Salix atrocinerea* (salgueiro) | 1 2 | |

## Tabla 3: Lista especies arbóreas na zona C

| ESPECIE | ZONA C | |
|---|---|---|
| | C1 | C2 |
| | Nº Exemplares | Nº Exemplares |
| *Castanea sativa* (castiñeiro) | 11 17 | |
| *Fagus sylvatica* (faia) | 5 6 | |
| *Ilex aquifolium* (acibro) | 1 | |
| *Junglans regia* (nogueira) | | 6 |
| *Quercus robur* (carballo) | 11 10 | |
| *Salix atrocinerea* (salgueiro) | 1 | |
| *Sorbus aucuparia* (capudre) | 1 | |

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## Tabla 4: Lista especies arbóreas na zona D

| ESPECIE | ZONA D | |
|---|---|---|
| | D1 | D2 |
| | Nº Exemplares | Nº Exemplares |
| *Acer pseudoplatanus* (pradairo) | 4 | |
| *Alnus glutinosa* (ameneiro) | 1 | |
| *Betula alba* (bidueiro) | 2 | |
| *Castanea sativa* (castiñeiro) | | 3 |
| *Fagus sylvaticus* (faia) | | 42 |
| *Fraxinus excelsior* (freixo) | 16 | |
| *Ilex aquifolium* (acibro) | 17 3 | |
| *Prunas avium* (cerdeira) | 108 | |
| *Quercus robur* (castiñeiro) | 2 7 | |
| *Salix atrocinerea* (salgueiro) | 1 | |
| *Sorbus aucuparia* (capudre) | 22 6 | |

## Tabla 5: Lista especies arbóreas na zona E (zona húmeda)

| ESPECIE | Zona E |
|---|---|
| | Nº Exemplares |
| *Alnus glutinosa* (ameneiro) | 1 |
| *Betula alba* (bidueiro) | 29 |
| *Castanea sativa* (castiñeiro) | 3 |
| *Laurus nobilis* (loureiro) | 5 |
| *Pinus pinaster* (piñeiro bravo) | 17 |
| *Quercus robur* (carballo) | 6 |
| *Salix atrocinerea* (salgueiro) | 46 |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## Especies introducidas

Para erradicar as especies introducidas máis agresivas é importante controlar a súa aparición e desenvolvemeto, evitando que se reproduzan e dispersen a súas diásporas.

**Tabla 6: Control especies introducidas**

| Especie | Zona | Nº individuos | Eliminación/Observaciones |
|---|---|---|---|
| *Eucaliptus globulus* | | | |
| *Acacia melanoxylon* | | | |
| *Cortaderia selloana* | | | |
| *Buddleja davidii* | | | |
| *Solanum bonariense* | | | |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 7.- FORMA DE PRESENTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA

### 7.1.-ÁMBITO DO SERVIZO DE LIMPEZA

As tarefas de limpeza realizaranse nas zonas reflectidas nos planos que acompañan este prego das áreas de Elviña e A Zapateira, incluíndo as zonas verdes que acompañan ao vial que os une, asi como as áreas de Riazor, Oza, Bastiagueiro e o Campus de Ferrol na súa totalidade.

### 7.2.- TAREFAS A REALIZAR

#### 7.2.1.- Varrido manual

Consistirá na limpeza pormenorizada das beirarrúas, paseos, áreas peonís, pasos, calzada e zona de xogo infantil. Esta limpeza efectuarase co máximo detalle e especificidade nas proximidades dos bordos.

Estes traballos levaranse a cabo nas zonas peonís e rodadas que presentan dificultades para o seu varrido mecánico, a causa dos seus accesos, pendentes, pavimentación e calquera outra de índole técnica, nos puntos non accesibles para as máquinas dentro das zonas nas que o varrido se realiza de forma mecanizada; e nas vías rodadas e calzadas con estacionamento fixo permanente, non podendo ser a existencia de tal estacionamento unha causa de desculpa, para a boa execución dos traballos de limpeza.

No caso de crecemento de malas herbas ou outras plantas en beirarrúas e calzadas, os operarios procederán á roza e, se é necesario, tratamento fitosanitario destas coa finalidade da súa erradicación.

Todos os residuos procedentes do varrido manual serán recollidos e transportados, de forma inmediata, aos recipientes normalizados que se atopan instalados ou se instalarán nos lugares públicos axeitados, sen deixalos amontoados, cando sexa necesario, máis tempo do indispensable.

Esta modalidade de limpeza tratará de eliminar a totalidade dos residuos que se atopan nas vías urbanas tanto na calzada como na beirarrua mediante medios manuais con vasoiras ou cepillos e recolledores co seu correspondente carriño portador de cubos, bolsas e útiles de limpeza. Limparanse prazas e espazos urbanos abertos, incluíndo gabias do aceirado. Tamén se eliminarán pequenas herbas e matas de calzadas e beirarrúas.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Todas as papeleiras do percorrido quedarán baleiras de residuos e os espazos próximos a elas totalmente ausentes de papeis e desperdicios. Así mesmo se prestará especial atención ás proximidades de contedores de recollida de RSU ou illas de recollida selectiva, nos que frecuenemente se acumulan restos de desperdicios. Será polo tanto tamén obxecto deste contrato, a limpeza destes restos xunto a todo tipo de contedores de recollida de RSU.

Formará parte tamén das operacións do varrido manual, a recollida de excrementos caninos e outros elementos espurios que se atopen na vía pública.

Tamén será obxecto do contrato, recoller as follas das árbores que se depositen sobre o aceirado ou calzada da vía pública.

### 7.2.2. -Varrido Manual de Mantemento

Consistirá na realización da limpeza non intensiva de beirarrúas, paseos, áreas peonís, bordos e baleirado de papeleiras, con especial atención ás zonas que o requiran en función da alta intensidade de uso espacial ou temporal orixinada por un acto ou actividade estable ou non.

Realizaranse naquelas zonas nas que o tránsito de peóns, actividades esporádicas, etc., requiran un ou máis servizos de limpeza, dentro da mesma xornada, sobre as programadas con carácter xeral. Por iso, realizaranse nas zonas con maior tendencia á acumulación de desperdicios e sucidade. Nesta operación debe conseguir que ao longo do día o aspecto dos espazos correspondentes manteña un nivel de limpeza óptima.

### 7.2.3. -Varrido Mecánico

Consistirá no varrido, por medio da utilización de maquinaria específica, das beirarrúas, calzadas e áreas peonís existentes na vía pública, recollendo e eliminando todos os residuos, po, etc., que aparezan nestas. As máquinas que se empregarán deberán ir provistas de sistema de humectación para eliminar a emisión de po, así como con filtros para depurar o aire expulsado, e serán dunha gran manobrabilidade, en razón das condicións especiais de traballo (pequena anchura das beirarrúas e existencia de obstáculos de calquera tipo) e evitar danos ao mobiliario urbano, este servizo poderá deseñarse para todas as beirarrúas, áreas peonís, etc., do ámbito, a excepción daquelas en que por razóns físicas, técnicas ou outras análogas, o varrido deba realizarse de forma manual. Considerarase o establecido no anexo medioambiental a este prego.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 7.2.4. - Baldeo Manual

Consistirá na limpeza das beirarrúas, paseos, áreas peonís e calzadas por medios de lanzamento de auga a presión con mangueiras, e executarase naqueles puntos e zonas que requiran elevados niveis de limpeza, ou que polas súas características e condicións non a poida ou non conveña efectuar a limpeza mecánica, A limpeza manual realizarase, inecusablemente, con posterioridade á realización do varrido (manual ou mecánico). Cando o abastecemento de auga realícese dende as bocas de rego, as mangueiras, chaves, etc, adaptaranse ás características de aquelas.

O obxectivo desta modalidade de limpeza é que zonas do ámbito con obstáculos ao varrido manual ou mecanizado, poidan ser limpadas con auga a presión e vasoira, Está operación consegue tamén a eliminación de malos olores pola acumulación de residuos orgánicos e mexes de animais e persoas, (nestas zonas empregarase ademais da auga de baldeo, deterxentes e desinfectantes axeitados a cargo do adxudicatario).

O equipo de baldeo estará dotado de sistemas para lanzar auga a presión e axeitado para a súa utilización en lugares de difícil acceso e tomará auga da rede existente.

A limpeza rematará cunha operación de varrido que recollerá todo o acumulado coa auga a presión. Se fose necesario, este baldeo complementarase cun equipo de cepillado profundo do pavimento con auga quente a presión e deterxente neutro, que actuará como paso previo ou complementario á operación de baldeo.

Utilizarase tamén auga a presión para limpar as zonas onde existen chans de madeira o obxecto de evitar a proliferación de “verdín”, aumentando o risco de esvarar.

### 7.2.5.-Baldeo Mecánico.

Consistirá no lanzamento, por medio da utilización de maquinaria deseñada a este efecto, de auga a presión sobre a superficie das calzadas, e moi especialmente nas proximidades dos bordos. Para iso utilizaranse máquinas especiais provistas de boquillas orientables que dirixirán o chorro de auga cara aos bordos.

Os residuos serán desprazados, por medio desta operación, cara ás proximidades dos bordos onde serán recollidos polas operacións posteriores correspondentes de varrido, de maneira que non quede restos de ningún residuo. Poderase deseñar este servizo en todas as calzadas, a excepción daquelas en que por razóns técnicas, físicas ou doutro tipo, a limpeza deba realizarse de forma manual.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Neste baldeo mecánico empregaranse medios axeitados ao traballo e preparados para lanzar auga a presión cos mecanismos necesarios. Debido a que a unidade está en constante movemento sobre a calzada, tomará auga dos puntos autorizados.

### 7.2.6. -Limpeza e mantemento de Papeleiras e marquesiñas.

O Adxudicatario informará de forma permanente o SAU de tódalas incidencias que se produzan respecto ao estado, situación e uso destes elementos. No tocante ás papeleiras mesmo propoñendo a súa recolocación, ou nova instalación, naqueles puntos que o considere oportuno.

O Adxudicatario deberá proceder ao mantemento e baleirado permanente da totalidade das papeleiras do ámbito do servizo. Ademais do baleirado, o Adxudicatario virá obrigado a notificar a UDC as papeleiras que non poidan ser reparadas na súa localización, ou que os danos que presentan impidan a súa reutilización.

O baleirado das papeleiras poderá ser realizado polos equipos de varrido manual, que procederán á realización do servizo cunha frecuencia igual á do varrido manual da devandita zona, de tal forma que non permanezan cheas en ningún momento e sempre exista capacidade libre para a súa utilización.

Tamén é obxecto deste servizo a limpeza exterior e interior de papeleiras e marquesiñas, e mesmo a retirada de adhesivos, pintadas, etc., que se fixen a estas. A frecuencia de lavado e desinfección deberá ser como mínimo de tres veces ao ano.

Dentro dos labores de mantemento, inclúense as referidas aos sistemas e mecanismos de recollida e ao pintado, pegado de elementos tipográficos adhesivos e rematado final destas, as cales deberán realizarse, con carácter xeral, na mesma localización da papeleira.

Polo concesionario realizaranse as tarefas necesarias para que o aspecto das papeleiras e marquesiñas que se atopan no ámbito deste contrato, dende o punto de vista da limpeza, sexa impecable. Todas as papeleiras futuras que se poidan instalar dentro do ámbito do contrato tamén estarán incluídas nel. O traballo consistirá principalmente no limpado e lavado de todas as papeleiras, así como o desprendemento dos posibles papeis e pintadas que se atopen adheridas a elas. Estará incluído dentro das tarefas do concesionario, a reparación de pequenos danos e o repintado das papeleiras e será da súa responsabilidade a correcta aparencia externa.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

### 7.2.7. - Retirada de Animais mortos no ámbito dos campos.

Por parte da adxudicataria disporase dos efectivos necesarios para a retirada inmediata dos posibles animais mortos ou residuos similares que se presenten no Campus. Actuarase coa máxima celeridade unha vez detectado o animal morto, A recollida do animal farase cos medios axeitados e o seu cadáver depositarase no lugar que fixe o Concello de A Coruña ou Ferrol.

### 7.2.8.-Limpeza de pintadas e cartazes.

A limpeza de pintadas e retirada de carteis executarase o máis inmediatamente posible e sen cargo ningún, en todos os edificios de UDC, muros e paredes, fontes, monumentos, estatuas, mobiliario urbano, etc.

A limpeza de pintadas efectuarase tendo en conta o material de que está construída a base, a composición química das pintadas, empregándose productos pouco abrasivos que non danen nunca os materiais de base e procurando manter sempre a estética e composición do elemento pintado.

Polo que respecta á limpeza de cartazes e adhesivos publicitarios, retiraranse os que utilicen como soporte fachadas, muros ou outros elementos como arboredo, farois ou mobiliario urbano. As tarefas realizaranse empregando medios apropiados, evitándose empregar cepillos de aceiro ou resgar con ferramentas que poidan danar o soporte de pegado.

### 7.2.9. Limpezas de emerxencia,

Cos mesmos criterios, métodos e sistemas descritos anteriormente o Adxudicatario realizará a limpeza, con carácter inmediato e urxente, dos puntos e zonas onde existan elementos ou obxectos que supoñen un perigo para peóns e vehículos ou presentan unha alteración do seu estado, co fin de restablecer, coa maior brevidade posible, o seu estado orixinal.

### 7.2.10. Limpeza de fontes e cursos de auga

Realizarase a eliminación de residuos flotantes e os depositados en enreixados de fondo e que dificultan o funcionamento das fontes. Esto farase a diario.

### 7.2.1 1 Limpeza de sumidoiros

As labores a realizar neste espacio van encamiñadas o mantemento continuado o longo te todo o ano de todos os sumidoiros, embornais e enreixados de desaugue

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

existentes na zona de actuación obxecto do presente contrato. Deberán estar sempre limpos todos os seus compoñentes, de modo que se garanta unha correcta evacuación das augas superficiais hasta o colector.

### 7.2.12. Outras actuacións especiais

O subministro de auga necesario para a realización dos traballos de limpeza pública descritos, obteranse da rede de auga do campus. A obtención da auga realizarase a través das bocas de rego existentes. Os licitadores deberán propoñer os sistemas máis adecuados para minimizar o máximo o consumo de auga, en detrimento do máis correcto resultado final dos servizos. Os productos de limpeza utilizados na prestación dos servizos serán biodegradables.

A empresa adxudicataria farase cargo da limpeza de forma urxente, en casos especiais, como son as posteriores as situacións extraordinarias de actos que ocasionan a masiva afluencia de persoas.

## 7.3. Normas sobre os residuos procedentes da limpeza

O lixo e residuos que sexan recollidos polo adxudicatario da limpeza viaria, deberán ser entregados  a xestro autorizado, correndo a seu cargo o custe que supoña. Os obxectos de valor que se atopen na prestación do servizo serán depositados nas oficinas da UDC.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## 8. CONTROL DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

A UDC vixiará e controlará en todo momento a forma de prestación dos diferentes servizos relacionados coas especificacións deste Prego, sendo a encargada de supervisar que os servizos contratados se axusten ao que establece o presente prego, prestando especial atención a

- Controlar que os traballos contratados se fagan oportunamente e na forma correcta.
- Controlar se o adxudicatario cumpre o estipulado en canto ao número e a cualificación do persoal.
- Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas das que dispoñen para a realización das tarefas satisfacen as condicións esixidas.
- A vixilancia sobre o cumprimento das Normas de Seguridade e Saúde segundo o estipulado na formativa en vigor.

A vista do resultado destas inspeccións determinaranse as correccións que se consideren oportunas para a organización dos traballos, estando obrigado o adxudicatario a desprazar coa periodicidade que lle estableza a SAU e nas horas que se sinalen o encargado da empresa para recibir as instruccións pertinentes ou as observacións necesarias para a mellor prestación do servizo.

Así mesmo, quedará obrigado a facilitarlle a UDC canta información lle sexa requirida sobre calquera aspecto de servizo, sen exclusión.

A inspección do servizo realizarase con persoal da propia UDC a través do SAU. Para que sirva de control e seguimento o SAU realizará un informe trimestral onde reflectiranse:

- Comprobación do número de traballadores dedicados o servizo coa correspondente comprobación do cumprimento das obrigas legais.
- Comprobación do estado de limpeza tendo en conta as incidencias recollidas o longo do trimestre.
- Comprobación do estado vexetativo dos xardíns así como o seguimento das diferentes operacións: plantación, sementados podas e corte.
- Comprobación do estado da maquinaria.
- Comprobación do estado ambiental da zona.
- Comprobación do estado de mantemento do sistema de rego.

Ao obxecto de que o SAU teña datos da adxudicataria, esta presentará previo ao informe trimestral os seguintes datos:

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

- Relación do persoal dedicado e a súa referencia do contrato, indicando nome e tempos dedicados
- Partes semanais onde se reflectirán as tarefas realizadas indicándose a súa localización referida as zonas que figuran no presente prego.
- No caso de que o SAU elaborase unha aplicación de seguimento, estes datos serán introducidos en dito software pola adxudicataria, unha vez que o SAU lle subministre o referido programa.

Incluirase no cometido da empresa adxudicataria a de notificar a UDC nos partes mensuais as incidencias o respecto do estado de mobiliario ou infraestruturas dos campus, o obxecto de que a propia UDC actúe na súa reparación

Por outra banda a empresa adxudicataria nomeará un director técnico que acompañará á SAU nas súas visitas de control calquera día que se lle cite. Así mesmo este poderá ser localizado mediante teléfono móbil en calquera momento do día.

## 9.- RESPONSABILIDADE TÉCNICA DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario intervirá directamente, sen necesidade de autorización expresa da UDC, naquelas operacións de inspección e de reparación que requiran actuación inmediata.

## 10. CONTIDO DAS OFERTAS TÉCNICAS QUE PRESENTARÁN OS LICITADORES

### Apartado 1. Descrición técnica do servizo (máximo 20 páxinas)

A oferta deberá incluír:

1.1 Descrición dos traballos que se realizarán para cada unha das zonas indicadas nos planos.

1.2 Periodicidade dos traballos en cada unha das zonas.

1.3 Plan de execución dos traballos nos que se indicará o orde de actuación de cada área obxecto do lote, contemplando a periodicidade mensual na que se teñen que emitir os informes previos ao pago.

1.4 Ficha modelo de informe de cumprimento dos traballos.

Do conxunto deste apartado valorarase o nivel técnico e de detalle do proxecto do servizo que se preste, a coherencia na descrición e organización dos traballos, as fases de aplicación e a adicación de recursos, a congruencia e adecuación ás

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

necesidades da Universidade segundo os obxectivos e directrices do prego de prescricións técnicas.

Apartado 2. Medios humanos (Máximo 2 páxinas)

Relación do persoal que executará o servizo contratado, con indicación da súa titulación técnica e da dedicación, por horas, ao contrato.

Apartado 3. Oferta medioambiental (Máximo 10 páxinas)

Mellorarase o nivel de cumprimento do anexo medioambiental a este prego, especificando o nivel de cumprimento nos aspectos que nel se detallan.

3.1 Calidade das emedas de solo ecolóxicas
3.2 Tipos de contedores
3.3 Calidade dos medios materiais: tipo de maquinaria, combustibles e lubricantes
3.4 Calidade dos medios materiais: emisións de ruídos
3.5 Vehículos de servizo.
3.6 Xestión de residuos
3.7 Control de pragas
3.8 Formación de persoal

Apartado 4. Melloras ofertadas. (Máximo 2 páxinas)

Só se valorarán aquelas que se axusten as necesidades da UDC. As melloras se poden distribuír nos seguintes apartados:
5.1 Instalación de novos sistemas de rega en zonas que carezan do mesmo.
5.2 Subministro de material vexetal.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

# ANEXO MEDIOAMBIENTAL PARA A INTRODUCIÓN DE CRITERIOS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA ECOLÓXICA NO SERVIZO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE TÓDOLOS ESPAZOS AXARDINADOS E VIARIOS DOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA .

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Estes criterios seguen a "Ficha de produtos para a Contratación Pública Ecolóxica (CPE): Produtos e servizos de xardinería" da Comisión Europea (http://ec.europa.eu/environment/gpp/index_en.htm). A continuación detallase unha selección destes que será de aplicación no servizo obxecto do Prego de Condicións Técnicas.

Adquisición de emendas do solo ecolóxicas

Utilizarase compost procedente de residuos recollidos selectivamente como emeda do solo e fertilizante con estritos controis da calidade. O produto non deberá conter turba nin lodos de depuradora. O contido en materia orgánica deberá proceder do tratamento ou a reutilización de residuos.

Os licitadores terán que presentar unha lista dos produtos que van utilizar na prestación do servizo, indicar a composición detallada do produto, en particular as concentracións máximas de metais pesados, a orixe da materia orgánica, así como presentar unha declaración de cumprimento dos requisitos anteriores. Considerarase que os produtos que leven a etiqueta ecolóxica europea satisfán esa condición. Aceptaranse tamén outras probas. Será preferente a utilización de composta de calidade A, segundo o Real Decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes. Tamén se poderán utilizar emendas tipo B (RD 834/2005), requiríndose nese caso a autorización previa da propiedade.

As emendas poderanse xerar por recollida selectiva dos residuos orgánicos xerados no ámbito do campus e o tratamento para a obtención de compost, preferentemente. Para isto, os licitadores deberan dispoñer de trituradoras para tratar os residuos orgánicas leñosos e transformalos en mantillo. Asi mesmo, primarase a utilización doutros produtos xerados en Galiza e que cumplan as condicións indicadas.

Plantas ornamentais

Será preferente a adquisición de plantas e árbores ornamentais autóctonos e axeitados para as condicións de cultivo locais (acidez do solo, promedio de choiva, rango de temperaturas ao longo do ano, etc.) dos cales unha parte procederán de cultivos ecolóxicos (de conformidade co Regulamento CE nº 884/2007),

Os licitadores terán que presentar unha lista de todas as especies que propoñen subministrar, xunto coa súa orixe, prezos e o número total de unidades previstas. Nesa lista, los licitadores marcarán claramente as especies adecuadas para as

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

condicións de cultivo locais e as que se cultivaran ecoloxicamente, xunto coas probas que o demostren.

Contedores e envases de plantas

As plantas entregaranse en contedores reutilizables ou biodegradables. Si os contedores son reutilizables, a empresa terá que retiralos e clasificalos despois de plantar as árbores ou plantas e presentar unha declaración asinada de que foron destinados a reutilización ou entregados a outra entidade que os reutilice. Si os contedores son biodegrables, estarán fabricados ao 100% con sustancias biodegradables (compostables) como palla, corcho, fariña de madeira ou almidón de millo, e non conterán materiais plásticos sintéticos, plastificantes nin sustancias biocidas, como as que se atopan, por exemplo, nos biocidas ou conservantes.

No caso de contedores biodegrables os licitadores facilitarán unha lista das componentes do produto e as súas respectivas porcentaxes, xunto cunha declaración do cumprimento das especificacións. Considerarase que os contedores de plantas con etiqueta ecolóxica tipo I que cumpra os requisitos anteriores serán considerados como biodegradables e compostables de conformidade coa norma EN 13432:2000 ou equivalente.

No caso de plantas pequenas, estas deberán subministrarse en envases retornables (reutilizables) e os licitadores deberán presentar unha declaración asinada de que cumprirán ese criterio.

Maquinaria de xardinería: combustible e lubricantes

Si a máquina funciona con motor de combustión, deberá admitir un ou varios dos seguintes tipos de combustible: gasolina sen chumbo con menos do 1% de benceno en volume, gasolina alquilata, gasóleo A ou carburante a base de biocombustible. Considerarase que as máquinas con etiqueta ecolóxica tipo I que cumpra os requisitos anteriores satisfán a condición. As máquinas deberán admitir o uso de aceites lubricantes de motores biodegradables (para os motores de dous tempos) ou rexenerados (para os motores de catro tempos). Os licitadores terán que presentar unha declaración asinada do cumprimento deses requisitos.

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Maquinaria de xardinería: niveis de emisión de ruído.

Valorarase, aínda que non é de obrigado cumprimento, que o nivel de emisión de ruído da máquina ten que estar por baixo dos indicados no cadro seguinte. O nivel de ruído da máquina comprobarase de acordo coa norma xeral especificada na Directiva comunitaria (2000/14/CE), EN-ISO 3744/1995) sobre emisións sonoras e os ensaios levaranse a cabo nun laboratorio cualificado segundo o disposto no artigo 15 desa Directiva. O licitador terá que presentar os resultados dos ensaios de laboratorio ou un expediente técnico axeitado que demostre o cumprimento. Considerarase que as máquinas con etiqueta ecolóxica tipo I que cumpran os requisitos anteriores satisfán a condición.

| Máquina | Detalles | Valor admisible máximo del nivel de potencia acústica LWA |
|---|---|---|
| Cortacéspedes (incluidos los tractores cortacésped) y escarificadores | L6 ≤ 50 cm:<br>50 < L ≤ 120 cm:<br>L > 120 cm: | 94 dB/1 pW<br>98 dB/1 pW<br>103 dB/1 pW |
| Motosierras | ≤ 1,5 kW:<br>> 1,5 kW: | 107 dB/1 pW<br>110 dB/1 pW |
| Sierras de cadena | ≤ 2,5 kW:<br>> 2,5 kW: | 105 dB/1 pW<br>110 dB/1 pW |
| Desbrozadoras | Motor eléctrico<br>Motor de combustión | 94 dB/1 pW<br>104 dB/1 pW |
| Recortabordes y cortasetos | Motor eléctrico<br>Motor de combustión | 96 dB/1 pW<br>103 dB/1 pW |
| Recogedores y sopladores de hojas | Para uso profesional | 105 dB/1 pW |
| Motoguadañas | ≤ 1,5 kW:<br>> 1,5 kW: | 107 dB/1 pW<br>110 dB/1 pW |
| Motoazadas | | 96 dB/1 pW |
| Cultivadores rotativos | | 93 dB/1 pW |

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

Vehículos de servizo

Os vehículos que se empreguen para a prestación do servizo terán que cumprir como mínimo os requisitos de emisión de gases de escape establecidos na norma EURO 4 ou IV. Os licitadores deberán presentar unha lista dos vehículos que van empregar e as súas correspondentes fichas técnicas, onde constarán os respectivos niveis de emisión.

Prácticas de rego.

O contratista procederá á aplicación de mantillo para evitar a evaporación nas zonas que o requiran así como naquelas indicadas pola UDC.

Ao inicio do contrato, o contratista terá que trazar un estudo de práctica operativa de rego e de uso da auga que incluirá os seguintes aspectos:

1. Maximización do uso da auga non potable (de choiva, freática e reutilizada) nas prácticas de rego.
2. Estuda de instalación de sistemas de rego automático e de baixo consumo.

A UDC, no marco do proxecto SOSTAUGA, decidirá se procede a dotación das instalacións que se deriven do referido estudo. No caso de que esas melloras se leven a cabo, o contratista fará uso delas co obxectivo de minimizar o uso de auga potable.

Xestión dos residuos.

Os residuos producidos na prestación dos servizos de xardinería recolleranse selectivamente como sigue:
Todos os residuos orgánicos (follas secas, restos da poda, herba) compostaranse in situ nas instalacións da empresa ou encargándoo a unha empresa de tratamento de residuos. Unha cantidade deses residuos (aproximadamente uns 40 m3 anuais) sen incluír residuos de céspede, entregaranse ao servizo de compostaxe de residuos de comedores da propia UDC, segundo as indicacións da Oficina de Medio Ambiente da UDC.

Os residuos orgánicos leñosos das polas, etc, trituraranse in situ, nas instalacións da empresa ou encargándoo a unha empresa de tratamento de residuos e utilizaranse estruturalmente para a compostaxe dos residuos orgánicos como mantillo nas zonas previstas. Unha cantidade deses residuos triturados (aproximadamente uns 50 m2 anuais) entregaranse ao servizo de compostaxe dos

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

residuos de comedores da UDC, segundo indicacións da Oficina de Medio Ambiente da UDC.

Os residuos de envases separaranse polo adxudicatario segundo as fraccións de residuos urbanos e se levarán aos contadores urbanos correspondentes (papel, plástico, etc). Non obstante, os residuos de envases de sustancias perigosas, como os produtos fitosanitarios, levaranse a puntos de recollida aprobados ou aos centros de xestión de residuos autorizados, que os procesarán.

Os aceites de motor recolleranse polo adxudicatario para que os procese unha empresa de xestión de residuos autorizada.

Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5691
Fax: 981 167 090.

## Control de pragas

Os licitadores terán que demostrar o seu compromiso de reducir o uso de produtos fitosanitarios químicos aplicando técnicas alternativas (como tratamentos térmicos, mecánicos ou biolóxicos). Os licitadores terán que presentar un informe coas medidas que aplicarán en cada circunstancia e para as principias enfermidades das plantas, co fin de controlar as pragas reducindo ao mínimo o uso de produtos fitosanitarios químicos.

## Formación do persoal

O persoal de xardinería deberá recibir formación en prácticas de xardinería ecolóxica para aplicalas durante a prestación do servizo. Esta formación incluirá temas como prácticas de aforro de auga en enerxía, reducción ao mínimo dos residuos, a súa xestión e a recollida selectiva, o uso de produtos baseados en materias primas renovables, a manipulación e xestión dos produtos químicos e os seus contedores, etc. Unha vez que se adxudique o contrato, o contratista terá que presentar un plan de formación e ao final de cada exercicio anual deberá presentar un certificado da formación impartida ao persoal novo e ao permanente.

## Presentación de informes periódicos

O contratista terá que facilitar anualmente un informe sobre o combustible consumido na prestación do servizo, os nomes e cantidades dos fertilizantes, produtos fitosanitarios e lubricantes empregados, a cantidade de residuos xerados por fracción e o seu destino e outros datos relativos ás accións levadas a cabo para a prestación dos servizos definidos no contrato (medidas para reducir o consumo de auga, usos de envases, formación, etc).